

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 12 de abril de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez

**NO ASISTE:**

D. Carlos López Font

**Invitados:**

D. David Regades Fernández  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día doce de de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(360).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(361).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ARBOLADO E PLANTA DE TEMPADA PARA REPOSICIÓN EN RÚAS E ZONAS VERDES. EXPTE. 6913/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.03.13, o informe de fiscalización do 8.04.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, conformado polo concelleiro-delegado de Parques

e Xardíns e pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o gasto de 59.500,84 euros para a contratación do subministro de arborado e planta de tempada que se imputará 1710.210.00.04 (Adquisición arbolado e arbustos)

2º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de arbolado e planta de tempada que contén o prego de prescicións técnicas particulares de data 15/02/2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 10/04/2013

3º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a solicitude de al menos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

**3(362).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO MUNICIPAL PARA A ADECUACIÓN RETRIBUTIVA EXCEPCIONAL E SINGULAR DUN POSTO DE TRABALLO DE AUXILIAR EN AUXILIAR DA ALCALDÍA. EXPTE. 23962/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 26.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e o concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012) acordando a adecuación retributiva excepcional e singular do posto de traballo código 101.16 "Auxiliar", nun posto de "Auxiliar Alcaldía", nos termos da instrucción do servizo asinada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 12/03/2013 e pola motivación contida no escrito do Xefe do Gabinete da Alcaldía de data 1 de marzo anterior.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.326,08€, con cargo a partida 922.0.121.03.00 "FONDO ADECUACIÓN RETRIBUTIVA 2012" para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto a modificación retributiva proposta.

3º.- Instar a Alcadia-Presidencia a realización da modificación de crédito necesaria para dar a cobertura orzamentaria a referida proposta de modificación retributiva.

4º.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

5º.- Notifíquese o presente acordo a interesada, Director do Gabinete da Alcaldía, Intervención Xeral, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos e Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**4(363).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 23968/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.04.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 26.03.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades dos Servizos de Rexistro Xeral, Tesourería, Gabinete da Alcaldía e Estatística, contidas nos escritos de datas 30 de xaneiro, 4 de febreiro, e 1 e 18 de marzo de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.242,86€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

2º.- Nomear como funcionarias interinas por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D. RUBEN CARRERA PÉREZ, DNI 36.174.579-H, D<sup>a</sup>. NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H e, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DEL PILAR LARRÁN GIL, DNI 53.190.981-P, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

3º.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscritos/as aos Servizos de Estatística (cód. 234), Rexistro Xeral (cód. 232) e, Benestar Social (cód. 301).

4º.- A xornada laboral dos efectivos nomeados, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

5º.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

Me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.